

PEZA DO MES

febreiro

2001



CRISTO ROMÁNICO.

CRISTO ROMÁNICO

SÉCULO XII – XIII

COBRE ESMALTADO ESTILO DE LIMOGES

DOAZÓN DE DON BENITO FERNÁNDEZ ALONSO

CRISTO COROADO E CRAVADO NA CRUZ CON CATRO
CRAVOS, VICTORIOSO SOBRE A MORTE. REALIZADO EN COBRE
SOBREDOURADO CON ESMALTES *CHAMPLEVÉ* ESTILO
LIMOGES.



CRISTO ROMÁNICO ESTILO LIMOGES

CRISTO ROMÁNICO

É indudable a procedencia lemosina de moitas das pezas esmaltadas de uso litúrxico dos séculos XII e XIII que se conservan en museos e catedrais. Sen embargo, dende que en 1936 o crítico e hispanista inglés Hildburgh puxese en tea de xuízo o monopolio de Limoges, demostrando a orixe hispánica dos esmaltes meridionais e a prelación cronolóxica dos nosos esmaltes champlevé, fronte ós realizados en Limoges, resulta arriscado asignar con certeza a súa filiación, sobre todo para pezas menores.

En torno a Santo Domingo de Silos viña funcionando desde finais do século XI un importante taller de ourivería que, recollendo e asimilando toda a tradición asturiana e mozárabe, se convertirá no século XII no foco real dos esmaltes meridionais. Gracias ós vínculos familiares entre Castela - León e Aquitania, consolidados polo matrimonio entre Afonso VIII e Leonor Plantagenet, prodúcense unha serie de correntes artísticas

que fructifican en magníficas pezas de gusto e características plenamente hispanas. Estes vínculos víronse, ademais, acrecentados polas relacións activísimas entre Francia e a Península por vía do Camiño de Santiago que, fomentado polos monxes de Cluny, orixinaba multitude de mutuas e intensas relacións artísticas, polo que resulta complicado nestes momentos separalo propiamente lemosín do producido en España.

Pódese considerar como un feito irrefutable que a finais dos séculos XII e XIII, Limoges mantivo en torno á igrexa de San Marcial un centro de produción de esmalte escavado que surtía de esmaltes a todo o sur de Europa, unificando a produción e impondo o seu estilo, sobre todo en obras de pequena envergadura, como é o caso da peza que hoxe presentamos. Cabe preguntarse, se en pleno románico a forte demanda deste tipo de pezas que obrigou á industrialización e á especialización dos talleres, fixo desaparecer os obradoiros vernáculos de maior prestixio pero de menor competitividade ou, polo contrario, como apuntan algúns investigadores, mantivéronse. A uniformidade de estilo que presentan tódalas pezas do século XIII conservadas en España no parece xa razón suficiente para darlle a todas elas unha orixe lemosina. Parece probable que subsistiran algúns obradoiros, xa dirixidos por obreiros chegados de Francia ou por artistas adaptados ó gusto de Limoges imposto neste momento. Datos documentais corroboran esta hipótese. López Ferreiro cita na súa *“Arqueología Sagrada”* cando menos tres nomes de esmaltadores traballando en Santiago nos séculos XII e XIII. Situación, por outra parte, que explicaría moi ben a abundancia deste tipo de cruces procesionais esmaltadas ó longo do século XIV, consideradas por tódolos investigadores como obras hispanas.

A representación de Cristo na cruz aparece tardiamente na iconografía cristiana. Durante moito tempo evitouse a imaxe do martirio por considerala infamante; a idea de

admitir a imaxe de Deus convertido en oprobio, condenado á pena máis vil repugnou ós primeiros cristiáns. É a partir do século V, como reacción ás doutrinas monofisistas, cando se comezou a representar a Cristo vivo e triunfante según modelos bizantinos. Esta visión de Cristo como Rei de Reis e Señor de Señores acadou a súa madurez iconográfica no románico, que o representa con túnica talar ou con gran *perizonium*, coroado e cravado na cruz con catro cravos. É o Cristo de Cluny, o que conduce as Cruzadas e o que protexe o Camiño de Santiago. Esta visión de Cristo tan alonxada da beleza natural tiña que encher unha función expresiva ó servizo dunha idea relixiosa. Por medio da forma o que o contemplaba debía ser movido a un íntimo vivir e sentir feitos relixiosos. Poránselle diante a sublimidade e a maxestade do divino. A finais do século XIII, este concepto irase transformando nunha relación persoal e cálida cun Cristo humano e doloroso, do que nace unha nova representación de Cristo.

A peza que hoxe presentamos responde a un modelo plenamente románico, por outra parte de longa tradición en Galicia. O máis probable é que formase parte dunha cruz procesional latina, de ápices ensanchados, con ánima de madeira recuberta con láminas de cobre e adornada de chatóns e esmaltes do mesmo estilo dos que aínda conserva a figura de Cristo. Ós pés, como era tradicional, situaríase a figura da Virxe, testigo de excepción e corredentora; no brazo menor a cartela: I N R I. e o Tretamorfos. No reverso posiblemente figuraría San Xoán. O esmalte circunscríbese ó faldón de Cristo estando o resto protexido cunha lámina dourada, para evita-la oxidación, hoxe parcialmente perdida. Crucificados deste tipo consérvanse no Museo Arqueolóxico de León e no Arqueolóxico Nacional.

A súa funcionalidade, como cruz de altar, confundiríase ordinariamente coa súa función procesional, xa que ata o século XV usábanse indistintamente. Durante as proce-

sións eran levadas en alto sobre astas ou simplemente na man e, posteriormente, colocadas detrás do altar durante o sacrificio da misa. En Santiago de Compostela as crónicas contan que máis de trescentas destas cruces saían nas procesións máis solemnes.

A técnica do esmalte excavado ou campeado consiste en aplicar unha pasta vidrosa, que se facía de pos de sílice, óxido de chumbo, sosa, mesturados con materias colorantes, como o óxido de cobalto (azul), o manganeso (violeta), o óxido de cobre (verde). Feita a mestura aplicábase nos ocos ou casillas excavadas na chapa de bronce ou cobre, xeralmente sobredourada, para evitar que a oxidación lle quite o brillo obtido polo pulimento, logo metíase nunha mufla ata que se fundisen, procurando reservalos filetes que limitaban as casillas e perfilalas liñas e contornos do esmalte, según o modelo proxectado de antemán.

O seu uso remóntase, segundo testemuñas arqueolóxicas e literarias, á primeira Idade do Ferro. Filóstrato o Ateniese nun pasaxe da súa obra di: *“Os bárbaros, habitantes do océano estenden cores sobre cobre ardente, que unha vez enfriado convértese en esmalte duro como a pedra”*. Aínda que esta técnica tivo continuidade en época romana (o olovitreus romano) e produciu magníficas pezas na arte Asturiana, como a cruz da Victoria realizada nos obra-doiros reais de Gouzón ou as arquetas de Oviedo e Astorga, o seu maior apoxeo acostuma a vincularse ó mundo románico en plena Idade Media. Neste período utilízase con frecuencia en substitución de pedras e metais preciosos que decoraban as pezas adicadas ó uso litúrgico e a exaltación das esceas sagradas, propiciando, debido ó seu menor custo, que non só os grandes centros monásticos dispuxesen dun axuar litúrxico suntuoso como dispuñan os últimos cánones conciliares, senón tamén aquelas pequenas parroquias que non contaban con medios.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Ana María Veiga Romero. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-110-2001



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

